



---

## GRUPO MUNICIPAL DE VILABOIA

Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 29/04/09:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O BNG advertiu en sesión plenaria que a estrada que comunica O Toural, capital municipal, co cemiterio está tendo un importante deterioro debido ao tránsito de camiións procedentes da planta de formigón alí existente. Dábaselle un prazo ao alcalde para que chegase a un acordo coa planta de formigón para limitar o paso de camiións.

A pista municipal foi asfaltada no ano 1999 e presenta un estado de deterioro que non se corresponde nin cos anos nin co uso que ten de tránsito normal. É usada tamén no percorrido a pé dos acompañamentos dos funerais.

O uso por parte dos camiións da planta formigoneira é recente e produto dun pacto entre o alcalde e os propietarios da planta a cambio de mellores condicións no pago do formigón para uso da alcaldía. Deste acordo saíron perxudicados os veciñas e veciños do Toural e todos aqueles que teñen que transitar por ela os días de enterro.

A fin de rematar co deterioro desta pista o BNG propón que se limite o paso de camiións por ela.

### **ACORDO**

**Primeiro.** O Concello de Vilaboa limitará o uso da pista que vai desde O Toural ao cemiterio municipal por parte de camiións de gran tonelaxe.

**Segundo.** A Policía Local de Vilaboa velará polo cumprimento deste acordo, facéndoo cumprir en todos os seus términos.

Vilaboa, 26 de abril de 2009

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOIA